

**PREZO PÚBLICO POLAS PRESTACIÓNS DE APOIO Á AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD)**

**Artigo 1.- Obxecto**

O obxecto deste prezo público é o cobramento das prestacións de apoio á autonomía persoal e atención á dependencia.

**Artigo 2.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias dos servizos de axuda no fogar pola vía de libre concorrència<sup>1</sup>**

De acordo ao artigo 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo que regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar por libre concorrència deberán participar no financiamento do mesmo conforme ao seguinte:

1.- Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, a corporación local establecerá unha regulación progresiva de participación económica no custe do servizo que terá en conta a estrutura de rendas no concello e o cálculo da capacidade económica per cápita de acordo co establecido no artigo 60 do Decreto 99/2012.

Para estes efectos, e o establecido no artigo 3, fíxase o custe do servizo en:

- prezo do servizo ordinario previsto en 13,48 €/hora máis IVE,
- servizo imprevisto domingo ou festivo en 15,28 €/horas máis IVE,
- horas nocturnas illadas (menos de 7 horas entre as 22 e as 8 da mañá ou partidas en dúas quendas) en 15,28€/hora máis IVE

E a participación no custe do servizo de acordo á capacidade económica, determinarase conforme a seguinte táboa:

<b>CAPACIDADE ECONÓMICA</b>	<b>PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO DE SAF BÁSICO</b>
Menor ou igual do 80% do IPREM	0
Maior do 80% do IPREM e menor ou igual a 150% IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 150% e menor ou igual a 200% IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 200% e menor ou igual a 250% IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 250%	Entre o 60% e o 90%

2.- Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos nos que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, debendo esta circunstancia estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3.- O servizo prestarase de forma gratuíta naqueles casos nos que a capacidade económica, calculada segundo o disposto no artigo 60 do referido decreto, resulte igual ou inferior ao 80% do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM).

4.- En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

<sup>1</sup> Artigo modificado mediante acordo plenario en sesión celebrada o 24/7/2013. Publicación no BOP nº 148, de 06/8/2013. En vigor dende o 07/8/2013

5.- Para o servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia, o concello establecerá sistemas de cómputo da capacidade económica de acordo cos seguintes criterios:

a) Computarase a renda de tódalas persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso ás que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de tódalas persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico dos que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na lei 19/1991, de 6 de xuño, do Imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Para estes efectos teranse en conta as exencións para o cómputo do patrimonio neto previstas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e outros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando tódalas rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado de dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

PARTICIPACION DAS PERSOAS USUARIAS POR LIBRE CONCORRENCIA		
CAPACIDADE ECONOMICA	RPC	% mín - % máx APORTACIÓN % APORTACION
< do 80% do IPREM	< 426,00 €	0% 0%
do 80% ao 100% do IPREM	De 426,01 € a 532,56 €	(mín 10% - máx. 30%) 10%
do 100,01% ao 150% do IPREM	De 532,57 € a 798,76 €	(mín 10% - máx. 30%) 16,11%
do 150% e < ou = de 200% do IPREM	De 798,77 € a 1.065,02 €	(mín. 20% - máx. 50%) 20%
do 201% ao 219% do IPREM	De 1.065,03 € a 1.170 €	(mín. 40% - máx. 50%) 40%
do 220% ao 250% do IPREM	De 1.170,01 € a 1.331,27 €	(mín. 40% - máx. 50%) 49,92%
> do 250% do IPREM	De 1.331,28 € a 1.500 €	(mín. 60% - máx 90%) 60%
	De 1.500,01 € a 1.863 €	(mín. 60% - máx 90%) 64,19%
	De 1.863,01 € a 2.130,04 €	(mín. 60% - máx 90%) 67,76%
	De 2.130,05 € a 2.396,29 €	(mín. 60% - máx 90%) 71,32%
	De 2.396,30 € a 2.662,55 €	(mín. 60% - máx 90%) 74,90%
	Máis de 2.662,56€	(mín. 60% - máx 90%) 89,94%

**Artigo<sup>2</sup> 3º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias dos servizos de axuda no fogar pola vía do recoñecemento da situación de dependencia:**

1. Segundo o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación

2 Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 15/9/2014. Publicación no BOP nº 183, de 25/9/2014. En vigor dende o 08/10/2014, dez días dende a publicación no taboleiro de anuncios.

das persoas usuarias no financiamento do seu custo, a capacidade económica da persoa usuaria será a correspondente á súa renda, modificada á alza pola suma dun 5 por 100 do seu patrimonio neto a partir dos 65 anos de idade, un 3 por 100 dos 35 aos 65 anos e dun 1 por 100 aos menores de 35 anos.

O cálculo da porcentaxe de copago das persoas dependentes rexeráse polo que determina o Capítulo II, do Decreto 149/2013.

2. Para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicarase a seguinte táboa, na que se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade Económica (Referenciada ao IPREM)	GRAO I	GRAO II	GRAO III
Ata:	<= 20 horas	< = 45 horas	< = 70 horas
100,00%	0,00%	0,00%	0,00%
115,00%	4,52%	9,61%	14,70%
125,00%	5,41%	11,50%	17,58%
150,00%	5,55%	11,79%	18,03%
175,00%	5,65%	12,00%	18,35%
200,00%	5,72%	12,16%	18,60%
215,00%	5,81%	12,34%	18,87%
250,00%	6,03%	12,82%	19,61%
300,00%	6,24%	13,26%	20,29%
350,00%	6,42%	13,63%	20,85%
400,00%	6,54%	13,90%	21,25%
450,00%	6,63%	14,09%	21,55%
500,00%	6,70%	14,25%	21,79%
>500%	6,76%	14,36%	21,97%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso a participación económica da persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hor

#### **Artigo 4.- Intensidade<sup>3</sup>**

O Servizo Municipal de Axuda a Domicilio do Concello de Culleredo dará prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia. Non obstante poderán solicitar en réxime de "libre concorrencia" calquera persoa que se encadre no perfil de persoas destinatarias recollidas no Regulamento Interno do servizo que accederán a este segundo os criterios de prioridade alí recollidos.

O máximo de horas de atención virán determinadas polo programa individual asignado no PIA, ou documento de plan individual de asistencia vinculado á Lei de dependencia, no caso de persoas valoradas como dependentes polo órgano competente da Xunta de Galicia, ou polo criterio profesional do Traballador Social municipal que realiza a baremación e os demais criterios ao respecto recollidos no regulamento municipal no caso do acceso por libre concorrencia.

<sup>3</sup> Artigo modificado mediante acordo plenario en sesión celebrada o 24/7/2013. Publicación no BOP nº 148, de 06/8/2013. En vigor dende o 07/8/2013

A atención en horario nocturno ou festivos queda reservado exclusivamente ás persoas con recoñecemento oficial de dependencia e no caso de libre concorrencia ao que explicita o regulamento municipal .

A facturación mensual do servizo calcularase de acordo ás horas reais e efectivas que se realicen no mes en curso sempre que non incorran nos supostos de ausencias inxustificadas.

Naqueles supostos que incorran en ausencias inxustificadas e non avisen con dez días de antelación de acordo ao recollido no artigo 7 punto 7 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar: "a comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo", facturaráselles o custe completo da hora de prestación establecido no contrato da concesión do servizo público de xestión e execución da prestación do SAD.

#### **Artigo 5.- Nacemento da obriga<sup>4</sup>**

O nacemento da obriga prodúcese o primeiro día en que se inicie a prestación dos respectivos servizos.

As baixas poden realizarse de oficio por parte da administración nos supostos contemplados no regulamento do PAAD ou a demanda da persoa solicitante. Neste último caso faise necesario presentar a baixa por escrito no Rexistro Municipal.

O servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia. Segundo a Orde de 22 de xaneiro de 2001, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, o usuario deberá comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Cando as circunstancias imposibiliten este trámite (ingreso urxente nun centro hospitalario ou algunha outra causa sobrevida de xeito emerxente), queda eximido de cumprir o prazo de solicitude por adiantado, se ben deberá xustificalo co correspondente informe médico ou similar que xustifique a ausencia. Nestes supostos non se cobrarán os días de servizo non realizados.

O Concello de Culleredo facturará a mes vencido, e resulta obrigatorio o pagamento estipulado, sendo motivo de suspensión do servizo o incorrer en débedas. Aquelas persoas usuarias que se dan de baixa e teñan pendente algunha mensuralidade non poderán ser dados de alta de novo sen previamente saldar a débeda.

#### **Artigo 6.- Normas de xestión<sup>5</sup>**

A xestión do prezo público corresponde á Unidade municipal de Benestar Social.

A solicitude de prestación do servizo supón a orde irrevogable de domiciliación bancaria dos sucesivos recibos mensuais que se presenten ao cobramento, ata a baixa no servizo e se firmará polo solicitante simultaneamente coa solicitude de prestación. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas determinará a interrupción do servizo.

Como consecuencia da alta, o suxeito pasivo darase por notificado das sucesivas liquidacións que se practiquen coas bases acordadas.

Mensualmente, o órgano xestor remitirá as liquidacións para a súa aprobación e os documentos e soportes necesarios para o cargo na conta en que estean domiciliados os cobramentos e o ingreso das cotas en fondos municipais.

Cando se dea a circunstancia dunha parella pensionista cunha única pensión e un dos cónxuxes ingrese nunha Residencia da Terceira Idade e o outro permaneza no domicilio requirindo axuda a domicilio, calcularase a tarifa en base aos dous membros. Isto sempre e cando xustifiquen o gasto mensual da Residencia.

A petición por escrito do interesado, ou de oficio se a situación é coñecida pola área técnica municipal Benestar Social, tramitarase expediente de redución ou aumento de taxa cando os ingresos da persoa beneficiaria varíen ao longo do período de prestación do servizo.

<sup>4</sup> Artigo modificado mediante acordo plenario en sesión celebrada o 24/7/2013. Publicación no BOP nº 148, de 06/8/2013. En vigor dende o 07/8/2013

<sup>5</sup> Artigo engadido mediante acordo plenario en sesión celebrada o 24/7/2013. Publicación no BOP nº 148, de 06/8/2013. En vigor dende o 07/8/2013

